

CHIU, A tecnoloxía sensible

Chiu, creador vigués e experimentador sónico da man do colectivo SINSAL, sinala a "sobredose de embigo" dun país que precisa tomar conciencia de si mesmo

ENTREVISTA

Na fronteira de Galicia deberían levantar un muro e pedir un visado especial para entrar e para saír, tamén algunha contraseña do tipo eu traballo no hospital. Temos medo pero non o sabemos, disfrazamos esa sensación cunha sobredose de embigo e a palabra eu é a nosa preferida. Temos un problema moi grande que ten nome e apelidos e o principal reto dos galegos é tomar conciencia de nós mesmos para poder prescindir deste nome e destes apelidos. Penso que é mellor ser un peixe no océano Atlántico ca un tabeirón no Miño". Así ve Chiu, un dos máis activos e prolíficos creadores electrónicos da Galicia de hoxe, unha sociedade que hai vinte anos aínda non coñecía nin era quen de xulgar. Chiu vive hoxe volcado na música electrónica, desde os planos máis diversos, e máis concretamente no colectivo SINSALaudio, que está a marcar o ritmo da vangarda e da experimentación musical en Galicia. Neste ano, asegura, crearemos un taller de investigación do Audio como máquina de pracer. Desde SINSAL empezaremos tamén unha serie de Captacións de Audio pola xeografía galega, unha viaxe polos sons galegos". Cre que o 11 de setembro foi a demostración de que no noso planeta conviven moitas culturas e que ningunha delas ten a verdade absoluta. Faise máis dano coa imaxinación e co corazón que cun Stinger dirixido por GPS. O respecto non entende de tecnoloxía e agora entramos nunha nova era pola porta de atrás". Nesta nova era advirte Chiu como resultado lóxico das nosas sociedades a chegada do euro, que non ameazará as nosas identidades, pero si o feito de chegar a fin de mes" e proclama a súa aberta relación coas novas tecnoloxías. Traballo con 4 ordenadores, levo unha PDA nun bolsillo e un móbil de 45 gramos no outro, adícome a buscar redes inalámbricas polas cidades cun portátil no meu coche e creo na criopreservación. Conecteime a internet no 94 e fai moito tempo que non escoito o piar dun modem analóxico. Non son un ciber, pero disfrutei coas películas Cube, Metrópolis e Blade Runner, si te deixas levar...".

PERFIL

Electrónica

Chiu entra no mundo da música electrónica en 1994. Crea a seu proxecto de pop electrónico O Home Xirafa. Membro do colectivo Laranxa & Limón (agora SINSALaudio), dirixe o programa de Radio A Etiqueta (Radio Ecça). Crea a Web Moli & Chiu, un mapeado da escea electrónica hispana, e diseña os flyers do clube Vademecwm vigués. Colabora na exposición Lost In Sound, no CGAC, e como músico traballa no espectáculo poético Lob@s con Ana Romaní e Antón Lopo, co que tamén colabora no recente Prestidixitador. Participa nun recompilatorio de artistas electrónicos publicado polo INJUVE e o seu primer traballo discográfico público o selo bilbaino Biatbak (só en Minidisk). Con Xoán Anleo crea o triple proxecto Hands Up!, Dirty Line e Taiwan. Xuntos compoñen a música para o espectáculo de Danza Contemporánea Accións e Asa 400, da compañía Dobre Xiro e participan en Lost In Sound. Actúan en Vigo na Festa da Primavera para a Asociación Galega de Artistas Visuais e clausuran o Festival Internacional de Video de Vitoria-Gasteiz. Telonean a Chico y Chica no Vademecwm, e con Z-Sense celebran o 5º aniversario desta sala. Pechan a derradeira edición de ARCO cunha actuación como dj's e compoñen unha peza para a última película de Eloy Lozano. Dentro do audiovisual galego, fan a música para o video Data-Land (1999) de Lola Dopico/Fernando S. Cabeza e para New Flesh (2000) de María Ruido e tamén compoñen a música para o corto T-Shirt (2000) de Agustín Paz. Nestes momentos Chiu forma parte do colectivo SINSALaudio (tenda de discos +programa de radio+clube+taller de experimentación co audio), que nestes días inicia a serie Audio-Captacións, unha viaxe polos sons galegos. Neste colectivo participan Montse Rego, Carme Nogueira, Xoán Anleo, o Colectivo Flexo, Fran Pérez Lorenzo, Víctor Flores, Víctor Magdalena, Antonio Doñate, Roberto Bouzas, Paulo Vinas e os compoñentes da célula musical de SINSAL (Luis, Julio Vademecwm e Xesús). O web de SINSALaudio é <http://www.sinsalaudio.com>.

SOBRE O CORREO

"Sorprendeume cando saiu O Correo pero aí está, despois de tanto tempo segue ó pé do canón, saíndo cada día e cunha Revista das Letras cada semana. Non hai nada máis comfortable e terreal có día a día, o cotián".

Fran Pérez Lorenzo (franplor@hotmail.com)

LINK ESPECIAL "88 GALEGOS": <http://www.elcorreogallego.es/periodico/88galegos/menu.htm>

LINK ARTIGO: <http://www.elcorreogallego.es/periodico/88galegos/fic/75.htm>